

Petroprix

O GRUPO EROSKI ACORDA A VENDA DO SEU NEGOCIO DE GASOLINEIRAS A PETROPRIX

- **A operación inclúe a transmisión das 40 estacións de servizo de EROSKI.**
- **O peche da operación está previsto para finais de ano, suxeito ao cumprimento das condicións habituais para este tipo de transaccións.**
- **EROSKI garantirá unha transición ordenada, a continuidade operativa das estacións e o acompañamento ás persoas involucradas na operación.**

Elorrio, 26 de xuño de 2026.- O Grupo [EROSKI](#) chegou a un acordo para a venda do seu negocio de estacións de servizo a PETROPRIX, unha empresa española líder en gasolineras *low cost* con presenza en máis de cinco países. A operación, na que EROSKI contou co asesoramento de Deloitte e Lawesome, inclúe a transmisión das 40 gasolineras do grupo cando se cumpran as condicións acordadas por ambas as partes, que son habituais neste tipo de transaccións.

As 40 estacións de servizo incorporaranse á rede de PETROPRIX, reforzando a súa presenza nos territorios onde actualmente opera EROSKI: Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Galicia, Illas Baleares, A Ríoxa, Navarra e País Vasco. A experiencia da empresa na xestión deste tipo de instalacións garantirá a continuidade da actividade e do servizo que se ofrece aos consumidores.

Esta decisión prodúcese nun contexto de transformación dos sectores da enerxía e a mobilidade, marcada por novos hábitos de consumo e unha crecente especialización dos operadores. Neste escenario, EROSKI considera que PETROPRIX posúe as capacidades e a experiencia necesarias para impulsar o desenvolvemento futuro desta actividade, avanzando no seu compromiso de facer que a enerxía sexa accesible a un maior número de condutores.

Continuidade operativa e acompañamento ás persoas

O peche da operación está previsto para finais deste ano, suxeito ao cumprimento das condicións habituais para este tipo de operacións. Durante este período, EROSKI garantirá a continuidade operativa das súas estacións de servizo e o mantemento da actividade

EROSKI: Comunicación Corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

habitual, sen impacto na actividade comercial alimentaria do grupo nin na experiencia de compra da súa clientela.

A incorporación das estacións á rede de PETROPRIX permitirá manter unha proposta competitiva para os consumidores e garantir a continuidade do servizo nas localizacións actuais, ao tempo que mellorará a súa complementariedade cos establecementos comerciais de EROSKI. Co peche desta operación, PETROPRIX aumentará a súa rede de estacións *low cost* ata 245, repartidas entre España, Portugal, Chile e Panamá.

Como parte desta nova etapa, a cooperativa seguirá a centrar a súa estratexia no desenvolvemento da súa rede comercial alimentaria, o impulso dos seus formatos de proximidade e franquía, a aposta polos produtos frescos e locais, o aforro para as familias e o avance dos seus procesos de transformación e eficiencia, en liña cos seus compromisos coa alimentación saudable, a riqueza local e a sustentabilidade ambiental.

En 2025, o Grupo EROSKI consolidou unha nova etapa tras completar o proceso de refinanciamento e normalización da súa estrutura financeira, pechando o exercicio con vendas de 6.081 millóns e unha rede comercial omnicanle de 1.508 establecementos.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,32 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial omnicanle, a finais do 2025, suma 1.508 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de ópticas, tendas de deportes e outras actividades non alimentarias. Ademais, conta con máis de 6 millóns de socios clientes e máis de 28.200 persoas no seu cadro de persoal, das cales máis de 8.300 son socias propietarias.

Acerca de Petroprix

Petroprix é a maior rede española de gasolineras *low cost* con presenza internacional e 245 estacións automáticas tras esta adquisición. A empresa destaca pola súa aposta pola tecnoloxía avanzada e por un servizo eficiente, con presenza en España, Portugal, Panamá e Chile para ofrecer carburante de calidade a un prezo competitivo.

Contacto de prensa de Petroprix:

Susana Paredes
633 082 122
prensa@petroprix.com